

A pista do Polideportivo Municipal renovase despois dun ano inservible

As obras da pista adxudicaronse a unha empresa deportiva a mediados de novembro e as melloras, cunha duración de quince días, consistirán na reposición integral do pavimento que será dotado cunha nova superficie de PVC. Na reforma investirase un total de 60.000 euros, cantidade da que a Consellería de Cultura e Deporte achegou 40.000 euros e o Concello de Melide 20.000. Esta infraestrutura do Polideportivo Municipal levaba

un ano fora de servizo dende que o pasado nadal se colocara nela unha pista de xeo sintético para o patinaxe que provocou derramas na mesma deixándoa inservible para a práctica do deporte e traendo consigo o posterior peche do recinto. Este amaño era moi demandado polos melidenses xa que neste edificio municipal ten lugar a práctica de numerosos deportes como o fútbol sala ou o baloncesto. **P5**

MELIDE

Aprobase o Plan de Obras e Servizos 2008

Cinco son as actuacións que irán destinados os 350.665 euros do POS da Deputación. Entre tódalas obras na que máis se investirá será na mellora integral da rúa Catasol **P3**

COMARCAS

Elección do novo Secretario Xeral para a comarca do interior coruñes do PSdeG Na sede local do PSOE, en Santiso, tivo lugar o acto de elección do Secretario, José Prado García, así como dos integrantes da nova executiva **P8**

COMERCIO

Iniciáse a Campaña de Nadal de ASETEM-CCA con 8.700 euros en premios 49 comercios de Melide participan na Campaña *O Teu Centro Comercial está en Melide*, que durará todo o mes de decembro ata o 7 de xaneiro. Período no que repartirán rifras entre os seus clientes que poderan gañar un premio de 3.000 euros ou de 1.500, entre outros. **P10**

DEPORTES

O melidense, Xesús Ferreiro, participa no Rally madrileño Shalymar O actual campión de España na modalidade de Vehículos Históricos participou neste circuito xunto co Bicampión Mundial, Carlos Sainz, e o seu copiloto, Carlos Moya. Estes últimos foron os gañadores deste rally **P19**



Semana da Música Terra de Melide

Un ano máis e sempre coincidindo coa festividade de Santa Cecilia, patroa dos músicos, tivo lugar a celebración da Semana da Música Terra de Melide organizada dende hai dezaioito anos pola Coral Polifónica.. Nesta decimoitava edición participaron doce formacións musicais da

comarca. Os melidenses que se deron cita na Igrexa parroquial, ao longo de cinco xornadas, poideron escoitar os sons de grupos como Froito Novo, Os Melidaos, Axóuxere, O Castelo, a Maristela de Sobrado, a Banda de Música de Visantoña ou os da propia Coral. **P14**

Editorial

O Cerne cumpre tres anos



-Cerne acaba de nacer, ve a luz por primeira vez con este número 1º e a partir de agora terá que aprender, aprender a ser un melidense máis, comprender as súas inxedanzas, os seus problemas e a súa forma de vida-. Con estas verbas facía a súa presentación oficial no mes de nadal de hai tres anos o primeiro Cerne que saía á rúa coa finalidade e o compromiso de informar puntualmente aos veciños da comarca de todo aquilo que acontecía no seu entorno. Nós ,ASETEM -CCA, tivemos a idea de facer este xornal local, aínda que non con poucos esforzos, como melidenses que somos e pensando nas inquedanzas e preocupación de tódolos veciños da Terra de Melide por coñecer todo o que se cocía ao seu arredor.

Levamos xa 32 edicións mensuais e o acollemento do xornal por parte dos

lectores non puido ser máis satisfactorio para nós. Aínda que hai xente que pensa que o Cerne é un medio de comunicación auspiciado por algún partido político, feito este moi alonxado da realidade. Este xornal local naceu có apoio só dos empresarios e comerciantes da nosa asociación, xente da rúa coma vós, os lectores, e non entende de partidismos nin de favoritismos senón, soamente, de informar dun xeito veraz das cousas que a miúdo pasan na nosa comarca coma as actividades de cultura e lecer, os deportes ou melloras que se realizan na nosa vila e, coma non , hai que falar tamén da política. porque é información.

Agardamos que o Cerne cumpra moitos anos máis e que se lembre na historia do noso municipio como un referente do primeiro xornal local que tivo Melide.

Tribuna de opinión

Espíritu do nadal

JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ ÁLVAREZ

Hai algún tempo fun acusado dun delito continuado de inxurias e aínda que nunha primeira sentenza fun absolto, esta voltouse a recurrir saíndo hai poucos días o resultado da segunda pola que se ratifica a anterior e se me exime completamente da vía penal.

Está a piques de chegar o nadal e eu xa tiven o mellor agasallo que podía recibir: amosar a miña completa inocencia... E é que empezo a crer moi seriamente niso do espírito do nadal que segundo a lenda dí que se creou para repartir paz, amor, harmonía e ledicia.

A mín con esta boa nova repartíuseme paz porque , aínda que coa miña conciencia estaba tranquilo xa que sabía que nada mal fixera, o feito de non estar pendente de ningunha resolución xudicial faime respirar serenidade e creo que neste senso moitos me entendedes porque estar incurso nalgún tema de xustiza, por moi inocente que sexas, traeche sempre unha inquedanza respecto a cómo saíran as cousas. Por outra banda, tamén recibín ledicia porque a propia xustiza tamén creu na miña inocencia e na miña palabra.

Agora agardo que nestas festas do nadal os melidenses poidan gozar tamén deste espírito do nadal nos seus fogares e non só por estas datas senón que se extenda a tódolos días do ano porque todos precisamos da paz, do amor, da harmonía e da ledicia. Todos eles son pilares básicos na nosa existencia para gozar dunha vida moito mellor e máis fermosa.

Cerne Terra de Melide

Edición dixital en www.asetem.com

Publicación mensual de distribución gratuíta. 2.000 exemplares.

DIRECCIÓN e REDACCIÓN: Ángeles Buján Ramos

EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (A.S.E.T.E.M)

ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)

Telf. e Fax: 981506188 Correo electrónico: info@asetem.com

COLABORACIÓNS: Xosé Domingos Fuciños, Vanessa Martínez Iglesias, CEIP Arcediago, Ana Iglesias Pallares.

AGRADECEMENTOS: Jorge Sanguíao, Mª Pilar López

IMPRESIÓN: Norprensa S.A.

DEPÓSITO LEGAL: LU-456-05

Cerne Terra de Melide non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

Se queres informarte da
tarifas publicitarias de
Cerne, chama ao
981.50.61.88.

Infórmate sen compromiso

No POS 2008 inclúense cinco proxectos cun investimento total de 350.665 euros

O Plan de obras e Servizos abrangue o acondicionamento de varias rúas

O Concello de Melide aprobou no pleno de finais de novembro, por unanimidade, os proxectos a incluír no Plan de Obras e Servizos (POS) da Deputación da Coruña, cuio investimento total é de 350.665 euros para o exercicio do ano 2008.

O goberno municipal investirá os fondos asignados pola Deputación, dos que o Concello achega o 5%, en cinco actuacións entre as que se atopan as melloras en varias rúas de Melide.

Dos cinco proxectos incluídos no POS, un deles recada case a metade da partida do Plan. Trátase da mellora integral da urbanización da rúa Catasol na que se investiran 122.522 euros, obra que o goberno executivo (BNG-PSdeG) considera necesaria acometer xa que *os primeiros puntos de luz que alí se instalaron tiveron que ser custeados polos propios veciños e a situación pouco cambiou, pois hai en toda a zona un total de oito focos* aseguraron. A actuación nesta rúa comprenderá, ademais dunha



A meirande parte do presuposto do POS destinarase á mellora integral da rúa Catasol

nova iluminación, obras de acondicionamento do firme da calzada, soterrado dos cables de telefonía e electricidade así como a mellora das beirarrúas e das escaleiras polas que se accede a esta urbanización as cales serán dotadas de novos pasamáns.

Concello e Deputación tamén acondicionarán no casco urbán as rúas Rosalía de Castro e arredores, Novoa Santos, Inocencio Fuciños e Boimorto con

83.055 euros. Ademais procederase a adecuación de viais na rúa Agüeiros e lugar de Furelos, melloras as que se destinarán a cantidade de 32.174 euros. Por outra banda, o executivo local ten previsto invertir preto de 112.913 euros no rural coas obras de saneamento no lugar de Folladela e o acondicionamento de viais en Furelos, Petos e Castro.

Tamén se presentaron dous proxectos máis dentro do plan complementario do

POS, melloras que se executarían si se produce algunha baixa na adxudicación das obras, e que comprendería actuacións no acondicionamento de viais rurais en Piñor, Fontesanta, Golán e Orois cunha partida presupostada de 114.658 euros.

Outro dos puntos que se aprobou na sesión plenaria foi a operación de préstamo por valor de 838.171 euros que contou co voto en contra do grupo da oposición, o PP.

Integración no Consorcio Galego de Servizos

Durante o pleno ordinario decidíuse a integración do Concello de Melide no Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, institución dependente da Vicepresidencia da Xunta e da que forman parte na actualidade 222 municipios de Galicia. Este acordo foi aprobado polo equipo de goberno (BNG-PSOE), punto no que a oposición, PP, votou en contra.

Coa incorporación do Concello ao Consorcio dáse, segundo afirmou a alcaldesa, Socorro Cea, *o primeiro paso importante de cara a posta en marcha da Residencia da Terceira Idade de Melide*. Cea tamén lembrou que unha das grandes preocupacións do actual executivo local era poñer canto antes en funcionamento o xeriátrico, feito para o que resulta imprescindible o apoio da Xunta. Concellos veciños como Sobrado, Toques, Arzúa, Boimorto, Touro ou O Pino xa forman parte deste Consorcio Galego.

O Concello aproba unha débeda de 1,2 millóns de euros de facturas sen pagar

O equipo do executivo de Melide (BNG-PSdeG) aprobou unha débeda por valor de 1.167.374 euros para poder saldar as facturas pendentes do 2005, 2006 e 2007 que o anterior goberno deixara sen pagar. Esta débeda foi recoñecida ao longo de tres Xuntas do Goberno Local celebradas en agosto, setembro e novembro.

Para facer fronte ao pago das

facturas o Concello de Melide decidiu concertar a mediados de mes unha operación de crédito de 480.000 euros, asimismo no último pleno ordinario aprobouse a solicitude dun préstamo bancario a un prazo de 15 anos e cuio importe ascende a 838.171 euros.

Unha gran parte dos centos de facturas aprobadas nestes últimos meses corresponden

a débedas con empresas e negocios locais que levan ata dous anos agardando para poder cobrar do Concello. Ao respecto, o Concelleiro de Facenda, Xosé Antonio Díaz, considera que *débese saldar canto antes a débeda pendente cos comerciantes e empresarios melidenses pois repercute moi negativamente no funcionamento dos mesmos e no propio concello*.

A CONTRAPELO: PELUQUEROS

Horario:
de Martes a Venres:
Mañanas de 9 a 12
Tardes de 13.30 a 22
Sábados: 9 a 21

Telf. Reservas:
981 506 093
617 178 758

e-mail: a.contrapelo@telefonica.net

Melide
Rda. de Lago, 2-3º

BREVES

A Garea, primeiro núcleo rural en contar con alcantarillado A finais de agosto, entrou en funcionamento o saneamento do núcleo de poboación máis grande da parroquia da Gondollín, a Garea, faltando por conectar algunhas casas que non foron reflexadas no proxecto inicial elaborado hai máis de cinco anos. O concello de Melide xa rematou neste mes de novembro a conexión de todas as vivendas á rede de saneamento dando deste xeito por concluídas as obras.

O concelleiro de Medio Ambiente, Manuel Prado, foi o responsable da reanunciación destas obras logo de anos de atoparse paralizadas.

Medio centenar de veciños xa se inscribiron no rexistro de vivenda protexida

O organismo que se creou fai un mes para coñecer a demanda real que existe dos pisos de carácter público entre os habitantes de Melide xa leva contabilizado medio centenar de inscricións.

Con este dato, a alcaldesa do municipio solicitoulle a titular de Vivenda e Solo, Teresa Táboas, a promoción dunha nova fase de pisos protexidos para as familias da localidade.

A Casa do Concello precisa de reformas en parte da súa estrutura

O equipo de goberno pediu apoio á xunta para acometer a remodelación

Unha quebra, provocada polo impacto dun camiión, hai dous anos, na pasarela da ala traseira do Concello está a poñer en perigo a estrutura do edificio. O Arquitecto municipal cualificou a situación *de grave* logo de realizar un exame visual e comprobar que ademais desta fenda existían outras nas dependencias onde se atopan as oficinas de urbanismo, catastro e a sede da cámara de comercio.

Na procura de pór solución axiña ao problema a alcaldesa melidense, Socorro Cea (BNG), e o primeiro tenente do goberno local, Manuel Prado (PSdeG), reuníronse co Conselleiro



A fenda da pasarela, ocasionada polo choque dun camiión, pode observarse claramente dende a rúa

de Presidencia, José Luís Méndez Romeu, para transmitirle a súa preocupación polo estado no que está esta ala do Concello e, asemesmo, solicitarlle que o seu departamento asuma a financiación do amaño que precisa dun investimento de preto de 85.000 euros. O titular de Presidencia comprometeuse a estudar a

posibilidade de atender a demanda este ano aínda que recoñeceu que era difícil a tenor do avanzado estado que presenta o gasto do presuposto da conselleira pois queda menos dun mes para rematar o exercicio económico deste ano. Os representantes municipais consideran que a predisposición amosada por

Méndez Romeu, fará que axiña se poidan acometer as obras de mellora.

Na xuntanza co conselleiro Cea e Prado tamén requiriron apoio económico para reparar o tellado da Casa do Concello xa que o seu mal estado provocou o pasado inverno inundacións no arquivo municipal e nun corredor do velorio.

As novas vivendas de protección oficial entregaránse en decembro

A Consellería de Vivenda e Solo fará entrega das vinte vivendas de promoción pública que forman parte da segunda fase de edificación na primeira quincea de decembro. Así llo confirmou a conselleira nacionalista, Teresa Táboas, á alcaldesa de Melide, Socorro Cea, ao longo da xuntanza que mantiveron hai unhas semanas.

Dos vinte pisos, doce foron adjudicados en réxime de aluguer e as oito vivendas restantes en réxime de compra-venta. Os novos propietarios recibirán a visita oficial da titular de Vivenda que lles fará entrega das chaves dos inmobles, que contan cunha superficie útil

que vai dende os 65 ata os 90 metros cadrados. O edificio que alberga estas vivendas protexidas dispón dun soto, baixo e dúas plantas e na súa construción investíronse 1.012.748 euros

Plan para a zona antiga

Outra das cuestións que se abordaron na reunión, na que tamén estivo presente a Directora xeral de Fomento, Encarna Otero, foi o mal estado no que se atopan moitas das casas do casco vello. A rexedora melidense entregoulle á Conselleira un completo dossier con fotografías de máis de coarenta inmobles da zona histórica nas que se podía observar o grave deterioro que sofren

os edificios. Ante esta situación tratouse da urxencia de poñer en marcha un Plan de rehabilitación integral da zona vella, a este respecto a Titular de Vivenda informou á alcaldesa melidense das axudas que se lle conceden aos propietarios de vivendas en conxuntos históricos e no Camiño francés de Santiago, como é o caso en concreto de Melide, subvencións que poden chegar ata un máximo de 10.000 euros.

Nos vindeiros días a Consellería enviará un técnico para comezar o traballo de catalogación de cada unha das vivendas para posteriormente elaborar unha ficha técnica para a valoración do seu estado.

Solicítase subvención para rematar a Casa da Cultura do municipio

A alcaldesa de Melide, Socorro Cea, mantivo unha xuntanza co Vicepresidente da Deputación da Coruña, e responsable da área de Promoción Económica, Pablo Villamar, co fin de solicitarlle unha subvención da institución para o remate das obras da Casa da Cultura da localidade. Cea pediu esta axuda ante a imposibilidade financeira do Concello para afrontar en solitario o proxecto de finalización dos traballos no edificio.

A rexedora tamén lle transmitiu á Villamar a necesidade de contar coa Casa da Cultura porque o pobo precisa dun novo espazo cultu-

ral no que se poidan desenvolver os diferentes programas culturais do municipio e acoller as numerosas iniciativas que xorden dos diferentes colectivos melidenses.

Ao longo da reunión abordáronse outros temas como os planos da Deputación da Coruña para a mellora das estradas de titularidade provincial en Melide. As diversas actuacións relacionadas coa promoción do turismo que se están a levar a cabo dende o organismo provincial foi outra das cuestións a tratar nesta primeira xuntanza institucional da alcaldesa co vicepresidente provincial

A adxudicación das obras aprobouse nunha xunta do goberno local a mediados de novembro

A pista do Polideportivo será renovada tras casi un ano fóra de servizo

A Consellería de Cultura e Deportes achega 40.000 euros para os traballos de mellora

A colocación dunha pista de xeo sintético para a práctica da patinaxe, o pasado nadal no pavillón municipal, deixou inservible a instalación como consecuencia das manchas de aceite que apareceron posteriormente no chan e que provocaron o seu peche, deixando os usuarios sen poder adestrar durante todo este tempo no recinto.

Ante este problema o BNG e PSdG de Melide nunha xunta do goberno local de mediados deste mes aprobaron adxudicar as obras de reforma a unha empresa deportiva.

A alcaldesa, Socorro Cea, tamén mantivo unha xuntanza coa Directora Xeral para o deporte, Marta Souto, na que abordou o tema do inminente comenzo da restauración da pista.

O orzamento total do amaño da instalación ascende os 60.000 euros, dos que o Concello destinará 20.000 e os 40.000 restantes serán achegados pola Consellería



As manchas de aceite da pista de xeo deixaron inservible a instalación

de Cultura e Deporte. A rexedora melidense agradeceu á titular da Xunta *a importante axuda económica concedida para solucionar o grave problema herdado do anterior goberno municipal e que supuxo carecer de pista deportiva dende hai case un ano.*

As obras comenzarán en breve e terán unha duración de quince días, dúas semanas nas que os traballos consistirán, basicamente, na reposición total do chan dotandoo dunha nova

superficie de PVC que permitirá a práctica de fútbol sala, baloncesto, badminton, balomán e tenis

Novas instalacións

Na reunión coa directora xeral de deportes, a alcaldesa melidense tamén lle informou doutras necesidades deportivas como a de dotar ao municipio cunha pista de tenis e un frontón. Cea plantexou, asimismo, a construción de novos vestiarios no campo de fútbol municipal así como a

mellora do entorno do mesmo. Souto comprometeuse a estudar estes proxectos de cara o vindeiro ano, así como de amañar pequenas pistas deportivas que hai na zona rural.

A alcaldesa melidense tamén solicitou a colaboración da Consellería de Cultura para que o piloto melidense Xesús Ferreiro, actual campión de España de Rallyes históricos, poida participar o vindeiro ano no campionato e así revalidar o título.

Os veciños de Orois restauran o muíño de Arriba

En pouco máis dun ano os habitantes da parroquia de Orois acadaron por fin ver restaurado o antigo muíño sito no lugar de Arriba.

O custe total da obra ascendeu a uns 8.000 euros e aínda que a Deputación da Coruña achegou unha axuda de 4.000 euros para a súa reconstrución foron os propios veciños os que fixeron realidade a súa total restauración coa aportación do seu propio traballo.

As obras de remodelación do vello muíño centraronse no amaño das paredes e do tellado así como das pezas de moer. A paixase que rodea ao edificio tamén se voltou máis fermosa ao podar a maleza que case o ocultaba e que agora renace novemente. O Concello de Melide completará esta restauración con melloras no entorno e uns letreiros informativos fóra e dentro da instalación. Para inaugurar o novo muíño os veciños celebraron unha festa que contou coa presenza da alcaldesa de Melide e a música tradicional do grupo *Os Melidaos*.

Medio Rural achega subvencións para diversas obras nas parroquias do municipio

A alcaldesa de Melide, Socorro Cea, mantivo unha xuntanza co Conselleiro do Medio Rural, Alfredo Suárez Canal, para trasladarlle as principais necesidades das parroquias melidenses.

Os problemas de saneamento e da auga, o mal estado dos locais sociais e o deficitario estado das pistas das parroquias foron os principais problemas que se trataron na xuntanza.

O titular do departamento do Rural confirmoulle á rexedora municipal o achegamento dunha partida de 100.000 euros, nun prazo inmediato, para a realización de diversas melloras no rural. Con esta axuda da Consellería o equipo do goberno local está a redactar os proxectos de mellora de numerosas pistas e locais sociais.

Suárez Canal tamén asinou un convenio co Concello de

Melide en virtude do cal se lle concede 105 euros por cada hectárea desbrozada nas pistas forestais e rurais, ademais a rexedora melidense e o conselleiro rubricaron outro acordo polo que se achegan 62.000 euros para mercar un tractor con desbrozadora, unha vella demanda que reclamaban dende facía tempo os veciños do rural e que será realidade antes do remate do ano.



**Joyería
Oro Ley**

Taller Propio

**Rúa San Pedro, 14
15800 MELIDE
(A CORUÑA)**

Telf.: 981505468

Baixo o lema *Por un río vivo* a iniciativa tenta concienciar á xente sobre a natureza

A Asociación de Troiteros promove unha campaña de defensa do medio ambiente

A contaminación do río Catasol é a base desta campaña que loita por previr outro desastre ecolóxico

A Asociación de Troiteros Río Furelos emprendeu unha nova iniciativa para tentar concienciar os cidadáns no respecto ao medio ambiente e, deste xeito, impedir que volten a ocorrer sucesos como o que aconteceu a pasado mes de setembro no río Catasol de Melide no que a contaminación, provocada polo puerín dunha granxa, provocou a mortandade da vida subáutica ao longo de preto de nove quilómetros deste afluente do Furelos.

A Campaña, promovida co nome *Por un río vivo*, presentouse no edificio do Multiusos de Melide e ao acto acudiron tanto veciños como numerosos representantes políticos e dotras institucións. Na presentación os asistentes poideron comprobar a magnitude do desastre ecolóxico a través dunha proxección audiovi-



Os asistentes á presentación poideron contemplar as fotos do desastre

sual na que se reflexaba a crónica dos feitos acontecidos, as tarefas de retirada das máis de catro mil troitas mortas durante varios días ou a súa repercusión nos medios de comunicación, ademais púidose ver unha exposición fotográfica da traxedia. O presidente do colectivo, Xabier Pazos, abogou a tódolos presentes para que feitos como este *non volte a repetirse nunca máis*. Pola súa banda, Xan Pérez, membro da asociación, tamén quixo lembrar que *non hai un único cul-*

pable, todos os que non falamos somos culpables facendo unha clara alusión a que as persoas que vexan determinadas situacións que poidan xerar un desastre se animen a dicilo.

Esta campaña terá continuidade nos centros escolares de Melide nos que os alumnos poderán relizar redaccións e debuxos que exalten os valores de conservación do medio ambiente e así ir tomando conciencia para poder evitar no futuro estes problemas na nosa natureza.

O Concello persoase como acusación particular

Durante a presentación da Campaña o goberno municipal, a través do seu 1º tenente alcalde, Manuel Prado, anunciou a decisión do Concello de persoarse como acusación particular polos verquidos no Catasol. A Asociación recoñeceu a postura ética dos responsables municipais por tomar esta decisión xa que *somos conscientes de que este tipo de medidas redundarán na mellora de calidade de vida en Melide* declarou Pazos

A Plataforma Autovía por Melide anuncia novas mobilizacións

Os membros da Plataforma comunicaron, durante unha xuntanza cos empresarios da vila, a súa intención de realizar novas mobilizacións *máis agresivas* ante as desalentadoras noticias recibidas recentemente sobre o trazado da futura autovía entre Lugo e Santiago o seu paso por Melide.

Na reunión a Plataforma presentou un informe da Dirección Xeral de Patrimonio, con data do 15 de outubro, sobre o treito Arzúa- Palas de Rei. Ante as negativas conclusións que se desprenden do documento para os intereses do municipio o voceiro do colectivo, David Barrio, manifestou o seu malestar *ao sentirse Melide enganado durante máis de catro anos de loita polas promesas dos políticos que non se cumpren a día de hoxe*.

A pesares das malas novas, non esta o trazado aínda licitado polo que a Plataforma asegurou que vai seguir loitando emprendendo accións tanto a nivel de mobilizacións como de instar aos alcaldes da comarca a que apoiem a reivindicación do paso da autovía por Melide.

Xornada informativa sobre a protección do Camiño de Santiago para os veciños de Melide

O edificio do Multiusos acolleu unha charla na que a arquitecta da Dirección Xeral de Patrimonio, Maibel Domínguez, informou aos asistentes sobre as normas de protección do Camiño Francés xa que esta ruta é *un dos principais bens do patrimonio cultural galego*.

Na conferencia, ademais de informar sobre a riqueza coa que conta a ruta xacoea, explicouselle ao público cales son as actividades en zonas de protección do camiño que precisan da autorización da Consellería así como dos criterios que o organismo aplica

para conceder a mesma. Neste senso, Domínguez sinalou que entre as iniciativas que requiren destes permisos de Patrimonio están as novas construcións, a demolición, ampliación e reformas nas edificacións xa existentes ou as obras en muros, paredes, galpóns ou silos.

A arquitecta de Patrimonio relatou tamén cal é o procedemento que as persoas interesadas deben seguir para obter as autorizacións. Neste apartado, Domínguez destacou que antes de comenar unha obra hai que presentar as solicitudes e documenta-

ción no Concello que *é o que ten que tramitalas*, asemeiro lembrou que iniciar traballos sen permiso *é obxecto dunha infracción moi grave para os propietarios da obra*. A poñente desta charla tamén incidiu na enorme importancia de rehabilitar as vivendas abandonadas do casco vello melidense para que volten a ser habitadas e, a súa vez, dar unha nova imaxe á zona antiga da vila.

A Consellería de Cultura está a organizar estas charlas nos once concellos que forman parte do Camiño francés, como é o caso de Melide.

A entidade COGAMI colaborará co Concello para mellorar os servizos aos discapacitados


A confederación Galega de Minusválidos, COGAMI, colaborará co Concello de Melide para mellorar os servizos que se prestan aos discapacitados no centro ocupacional do municipio. COGAMI asesorará na ampliación de oferta formativa e de lecer para os alumnos do centro melidense. O Concello xa ampliou o programa de actividades e en breves datas ampliaratamen o seu horario, pasando de ter na actualidade xornada de mañá a contar con

outra de tarde.

Esta colaboración é froito dun dos acordos entre a alcaldesa de Melide, Socorro Cea, e o presidente da confederación, Anxo Queiruga.

A rexedora melidense tamén anunciou que o Concello convocará unha reunión para poder promover a constitución dunha asociación entre os veciños con discapacidade e considerar as necesidades que poida demandar este colectivo.

UN PUNTO DE ENCONTRO NA RUTA MÁIS VIVA DE EUROPA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
e INDUSTRIA

José Prado García preside a nova executiva comarcal do interior coruñes do PSdeG

José Antonio Prado García foi elixido secretario xeral para a comarca do interior coruñes no transcurso do congreso comarcal que tivo lugar na sede local do PSOE en Santiso. A comarca do interior coruñes está composta por nove concellos os de Melide, Santiso, Toques, Arzúa, Sobrado, Boimorto, Vilasantar, Frades e Mesía. No acto, no que estiveron presentes delegados das agrupacións locais do partido, tamén se propuxeron aos demais integrantes da nova executiva comarcal sendo nomeada como secretaria da organización, Elena Salgado Seijas (Santiso). Entre as diferentes áreas da nova organización elixiúronse como secretarías a socialista de Toques Cruz Bande Buján (política institucional), e a melidense María Jesús Iglesias (Coordinación).

A recién comisión executiva, que ven a substituír a comisión xestora que dende facía



Prado, no centro, cos demais membros da executiva comarcal

una ano rexía as agrupacións socialistas do interior coruñes, vai por en marcha unha serie de actuacións encamiñadas a fortalecer a acción socialista nos nove concellos que a integran e chegar a ser unha opción de goberno sólida e eficaz na que o PSdeG represente nos municipios do interior coruñes unha garantía de traballo polos intereses de tódolos seus veciños.

Prado, tamén secretario da organización do PSOE melidense, manifestou trala súa elección o seu agradecemento á magnífica recepción dos seus compañeiros de partido de Santiso, ao consello comarcal como anfitrión. O novo Secretario Xeral tampouco se quixo esquecer dos delegados das agrupacións locais presentes no acto recoñecendo o seu compromiso e ilusión no intre da

elección dos membros da executiva nos que se nomearon a novos compañeiros, cun curta traxectoria política, pero con abundosa preparación. Rematou agradecendo-lles que reflexaran coa súa designación os valores máis vencellados ao PSdeG-PSOE como son o progreso, a solidariedade e o incorformismo.

O PSdeG-PSOE de Santiso satisfeito por esta elección

A agrupación socialista de Santiso amosou a súa satisfacción por celebrar este con-

greso na súa sede local. A súa secretaria xeral, Inés Cajide Val, declarou que esta elección é un xeito de reforzar este partido que pasa por tan bo momento, xa que na actualidade conta con moitos militantes comprometidos nos que abunda, sobre todo, a xuventude.

Tamén destacou que esta agrupación é unha das de máis militancia porcentual en toda Galicia, feito que se puido comprobar neste congreso no que estaban presentes a terceira parte dos delegados do cosello comarcal.



A agrupación local da Santiso foi a anfitriona do evento

Presentación dos novos microbuses de Mabesoia no pazo Vilar de ferreiros

A firma coruñesa Mabesoia presentou os seus novos microbuses da marca turca BMC, líder neste sector, no pazo Vilar de Ferreiros do concello de Santiso.

Os vehículos dispoñen de 37 prazas e están dotados coas tecnoloxías máis avanzadas que existen na actualidade neste tipo de transportes no mercado europeo. Os asistentes ao acto poderon ver de preto todas as cualidades que ofertan esta nova gama de microbuses dende un deseño innovador de Pininfarina con cristais tintados e o climatizador carrier do teito

ata unha mecánica na que destacan os motores Cummins que permiten unha rodaxe pola estrada máis silenciosa, ademais contan con suspensión neumática en tódalas rodas.

No eido da seguridade os autobuses levan cinturóns de seguridade de tres puntos en tódalas prazas de viaxeiros, unha cámara de marcha atrás que facilita ao conductor poder ter un completo ángulo de visión da parte traseira do vehículo cando fai esta maniobra e a dotación de sistemas de seguridade nas portas para evitar que estas se abran

mentres o transporte está en movemento.

Á presentación foron invitadas 120 empresas de toda Galicia e contou coa asistencia do director xerente de Mabesoia, Manuel Sánchez Rodríguez, o responsable de vendas en Galicia, Arturo Rocha, e o director xeral de BMC en España, Diego Pérez.

A firma Mabesoia, concesionario oficial da marca Daf no noso país, puxo este ano en circulación 21 unidades por toda a comunidade autónoma galega, das que a empresa Puntero de Melide conta con unha.



O Plan inclúe a construción dun velorio para os veciños do municipio **O Concello de Toques aproba as obras do POS 2008 cun investimento de 170.762 euros**

O pleno da corporación do concello de Toques, celebrado o 28 de novembro, deu a súa aprobación á solicitude de actuacións para o Plan de Obras e servizos (POS) da Deputación 2008. Para a execución das melloras o organismo provincial achega 162.223 euros, aportando o Concello a cantidade restante ata chegar o total dos 170.762 euros destinados ao POS. O grupo de goberno presentoulles aos edís unha serie de actuacións concretas que se aprobaron, contando cos votos en contra do grupo da oposición XCPT, liderado polo anterior rexedor do municipio Jesús Ares.

A meirande parte dos 170.762 euros destinaráse a construción dun velorio en terreos de titularidade municipal que contará cun investimento de 139.966 euros. Esta obra incluíuse no POS 2008 por ser *unha demanda social necesaria e que mellorará a calidade de vida dos veciños de Toques* segundo afirmou o Alcalde, Miguel Buján. A redacción do proxecto xa se encargou aos servizos técnicos municipais e a edificación deste novo servizo



Menbros do equipo de goberno local e da oposición durante o pleno

levarase a cabo en Pontequeimada, parroquia de Souto. Outras actuacións que se integran no Plan de Obras e Servizos son o acondicionamento de terreos en Samil, e a pavimentación das pistas e mellora de accesos de Cardelle e San Xulián.

Dentro do plan complementario ao POS aprobouse, cun orzamento de 30.040 euros, as obras de limpeza de gabe-

as e rebacheos da rede viaria do municipio.

Outro tema a tratar no pleno foi a corrección de erros incluído no Plan Xeral de Ordenación Municipal, PXOM, redactado pola anterior corporación, e que afectaba a delimitación do límite do núcleo rural en dúas parcelas lindantes no lugar da Bragaña. Este punto foi aprobado por todolos edís e a documenta-

ción xa corrixida remitirase á consellería de Cultura para a aprobación definitiva do PXOM.

Na sesión plenaria o grupo de goberno aproveitou para dar conta da solicitude que o alcalde da Coruña lle remitiu ao Concello para solicitar o seu apoio na declaración da Torre de Hércules como ben do patrimonio mundial, causa que acadou a aprobación de tódolos presentes.

Visita a distintos representantes da Xunta para solicitar melloras en Toques

Numerosas foron as entrevistas que ao longo deste mes o equipo do goberno local de Toques mantivo con diferentes representantes da Xunta para solicitar melloras en distintos ámbitos do municipio.

O executivo local entrevistouse co delegado de Vivenda, Xoan Carlos Bascuas, coa finalidade de recabar actuacións en materia das vivendas protexidas para ás familias máis necesitadas de Toques. Tamen se mantivo unha xuntanza coa delegada de Medio Rural, Olga García Agra, na que o Concello lle solicitou unha subvención para o acondicionamento do local da antiga Cámara Agraria, edificio que na actualidade se atopa nunhas condicións moi deficitarias. Na mesma entrevista a delegada do Rural confirmou a achega de 140.000 euros para o PEIM 2008 de Toques.

Por outra banda, o equipo do goberno local tamén foi recibido pola delegada da Consellería de Traballo, María Debén, nunha reunión onde se abordou a necesidade de máis plans de cooperación e obradoiros de oficio para axudar os máis xovenes a súa inserción laboral.

Veciños de San Román protagonistas da festa do magosto da asociación Alverde

A asociación cultural e veciñal, *Alverde*, de San Román, en Santiso, celebrou o seu magosto e para elo convidou a tódolos habitantes da parroquia.

Deceas de persoas asistiron á festa que tivo lugar baixo unha ampla carpa instalada na zona da antiga escola. Ademais dun xantar, os convidados desfutaron das castañas asadas e da música do grupo melidense Axóuxere.



Cultura investirá 47.371 euros na reparación da coberta do mosteiro cisterciense de Sobrado dos monxes

A consellería de Cultura achegará a cantidade de 47.371 euros para a reparación da coberta do mosteiro cisterciense logo de aceptar o seu proxecto de remodelación.

As obras propostas baseanse no derrube do tellado actual para realizar outra instalación composta por placas onduladas de fibras e resinas termo estables que se colocarán de xeito similar ás xa existentes.

Esta actuación foi aprobada na reunión anual da Comisión Mixta da Xunta de Galicia-Igrexa que ten coma finalidade o mantento do patrimonio artístico de propiedade eclesiástica e que se concreta en diversas melloras como restauracións, reformas ou reparacións. Ademais este organismo financia tamén o mantemento dos arquivos da igrexa e dos seus museos nos que inviste un total de 95.000 euros

Os 49 establecementos que participan na iniciativa distribuirán 60.000 rifas entre os seus clientes

O teu centro comercial está en Melide repartirá 8.700 euros en premios

Esta Campaña celebrárase todo o mes de nadal ata o 7 de xaneiro

A campaña de nadal *O teu centro comercial está en Melide*, organizada por ASETEM-CCA deu comenzo o un de decembro nos 49 establecementos adheridos á iniciativa. Ata o vindeiro 7 de xaneiro os comercios e locais de hostalería que participan na campaña de Nadal repartirán arredor de 60.000 rifas entre os seus clientes ao mercar algún dos seus produtos. Destas rifas extraeránse os 23 números que resultan premiados.

Este ano a campaña *O teu centro comercial está en Melide* repartirá, en vinte-tres premios, máis cartos ca no 2006 pasando de 6.250 a 8.700 euros. O primeiro premio que se entregará será por



ASETEM-CCA reuníuse a mediados de novembro para ultimar os detalles da campaña

un valor de 3.000 euros; o segundo de 1.500 euros; o terceiro de 1.000 euros: repartiránse 4 de 300 euros, 4 de 200 euros e 12 de 100 euros.

As 23 rifas premiadas canxearánse por cheques co valor da correspondente cantidade, que se poderán gastar nos 49 establecementos

que integran esta Campaña de nadal durante os 15 días seguintes á entrega do premio.

O sorteo terá lugar ante notario o 7 de xaneiro na sede de ASETEM-CCA ás nove da noite polo sistema de *mán inocente*. Para facilitar que os clientes poidan revisar os números premia-

dos, logo do sorteo, os 49 comercios adheridos á campaña exporán nos seus locais os números gañadores.

Os premiados no sorteo deberán entregar a súa rifa na sede de ASETEM-CCA antes do prazo dun mes. Os agraciados recibirán o premio das máns do propietario do establecemento que repartiu a cifra.

Ponse en marcha na hostalería unha campaña piloto de recollida de vidro

A concellería melidense de Medio Ambiente en colaboración coa empresa Ecovidrio, entidade que xestiona a reciclaxe de vidro en toda España, vai levar a cabo en Melide unha experiencia piloto pioneira en Galicia para a recolleita de vidro nalgúns locais hosteleiros da vila coa finalidade de comprobar a efectividade do sistema.

Esta campaña realízase sen custo algún para o Concello e para os establecementos que, voluntariamente, decidan pór en marcha a experiencia facilitándolles o Concello a información necesaria aos locais que queiran participar na iniciativa.

O concelleiro de ambiente, Manuel Prado, manifestou que esta medida *enmárase na búsqueda e aplicación de formas de xestión dos residuos respetuosas co medio ambiente*

A Federación Galega de Comercio presenta en decembro dous Cd-roms para empresas en ASETEM- CCA

A Federación Galega de Comercio ven de editar en cd-roms dúas novas ferramentas formativas denominadas *Marketing de Vendas* e *Empresa familiar comercial, transpaso e venda*, produtos que presentará o día 13 de decembro na sede de ASETEM-CCA.

O cd-rom sobre *Marketing de venda* diríxese ás pemes de comercio existentes e ás de nova creación que decidan iniciar a súa actividade dentro deste sector. Esta ferramenta formara aos pequenos comerciantes no coñecemento xeral das téc-

nicas de marketing para que poidan aplicalas aos seus respectivos negocios coa garantía de recuperar os investimentos efectuados e obter a rendabilidade fixada nos obxectivos xerais da súa empresa, asemesmo axudara a obter as nocións necesarias para atraer e conservar clientes.

Por outra banda, o cd-rom *Empresa familiar comercial, transpaso e venda*, que se distribuíra acompañado dun manual, pretende ofrecer aos responsables das empresas familiares comerciais galegas unha axuda para a toma de

decisións sobre o presente e o futuro dos seus negocios. Este curso interactivo ideouse para facilitar ao empresario formarse en función da súa dispoñibilidade en horarios, datas e tempos.

Estas dúas iniciativas distribúense a través de xornadas por toda Galicia, como a que terá lugar en ASETEM-CCA, repartíndo gratuitamente a tódolos asistentes estos materiais.

Estes cd-roms da Federación Galega de Comercio realizáronse coa colaboración da Dirección Xeral de Comercio, a sociedade do Xacobeo e Caixa Galicia.

ASETEM -CCA alega modificacións ao borrador da venda ambulante

Os emperarios e comerciantes de ASETEM- CCA mantiveron este mes unha xuntanza para debater os puntos incluídos no borrador do Regulamento Municipal da Venda Ambulante elaborado polo Concello de Melide.

Na reunión adoptouse por unanimidade trasladar ao equipo do goberno local, BNG-PSdeG, algunhas modificacións na normativa cos que os asociados de ASETEM- CCA non estaban conformes.

Entre as propostas que lle foron comunicadas por escrito ao Concello para incluír na normativa defini-

tiva destacaban a idea de trasladar o mercadillo a praza do multiusos e ás súas rúas subxacentes, por ser un lugar amplo e centrado, e facer un aparcadoiro para os ambulantes na zona do instituto.

Outras alegacións ao borrador foron un cambio no horario que sinala o regulamento, esixir que cada posto exhiba de cara ao público a súa placa identificativa coa finalidade de evitar ilegales e incidir máis na recollida de lixo que xenera cada semana o mercadillo dominical nas rúas de Melide.

A primeira sentenza foi apelada ante a Audiencia Provincial **A xustiza ratifica de novo a absolución de Rodríguez polo presunto delito de injurias**

Este novo fallo expresa que non se pode interpoñer outro recurso polo que Rodríguez queda totalmente liberado da vía penal

O pasado 25 de outubro a Audiencia Provincial de A Coruña fallaba o recurso da apelación interposto contra a sentenza do xulgado do penal número 2 de Santiago ratificando o que a mesma dictaminaba xa no mes de xaneiro: a absolución do Presidente de ASETEM-CCA, José Antonio Rodríguez, por un suposto delito continuado de injurias con publicidade. No documento os maxistrados desestimaban a apelación interposta por José Evaristo Rodríguez Carracedo e Francisco Freire chico. Os feitos remontanse a novembro do 2005, cando,

segundo constaba na sentenza recurrida, Rodríguez, en calidade de Presidente de ASETEM enviou ao pleno da Cámara de Comercio de Santiago un escrito no que se criticaba a actuación da Cámara en relación co outorgamento dunha subvención á Asociación de Comerciantes, Empresarios e Industriais de Melide (ACEIM) para a creación dun CCA. Este proxecto de viabilidade encomendouse a Sarela Xestión SL, unha empresa participada, entre outros, por Rodríguez Carracedo, e por Freire Chico. Este cumulo de circunstancias fixeron que ASETEM as considerara como constitutivas dunha actuación parcial e deshonesta por parteda Cámara de Comercio ao contribuír a aumentar a crispación existente entre os comerciantes e empresarios de Melide, ao mesmo tempo que se finzaba un pro-

xecto no que estaban directamente implicados, de modo persoal e beneficio, membros do comité executivo e do Pleno da Cámara, un feito que ASETEM entendeu que entraba en contradicción coa filosofía que rexe tódalas actuacións da Cámara de Comercio

Notificada esta primeira sentenza ás partes, Rodríguez Carracedo e Freire Chico apelaron contra a mesma en febreiro alegando que se había incurrido nunha erro nea apreciación da proba. A pesares de todo isto, a resolución actual subliña que o recurso debe ser desestimado e ratifica o pronunciamiento condenatorio da primeira, tamén se destaca que contra esta segunda non cabe interpoñer recurso algún. De todo isto se deduce que o Presidente de ASETEM é liberado definitivamente da vía penal quedando amosada a súa inocencia ante a xustiza

Remata o I curso de informática dirixido a traballadores

Durante máis dun mes estivo a celebrarse no Multiusos un curso de informática dirixido a traballadores en activo e comerciantes autónomos. No curso, cunha duración de 80 horas e distribuído en tres módulos, os asistentes poideron aprender o manexo do sistema operativo, o do paquete de

office así como a navegar por internet e aprender a enviar correos electrónicos.

A alcaldesa de Melide foi a encargada de clausurar as xornadas informáticas. No acto entregou-lles aos 15 alumnos que participaron neste curso de informática os seus correspondentes diplomas acreditativos

Charlas informativas de Equal XXI sobre a conciliación da vida familiar e laboral no Multiusos

A mediados de novembro o edificio do Multiusos acolleu unha sesión informativa sobre a conciliación da vida persoal, laboral e familiar dirixidas a empresarios melidenses. Na reunión explicouse aos asistentes en qué consistía un plan de conciliación e cales eran as vantaxes que supoñían para as empresas a súa implantación, entre as que se atopaban o aumento do ren-

demento e a produtividade así como unha notable redución do absentismo laboral.

Esta charla estivo organizada polo proxecto Equal Muller XXI, promovido pola Deputación da Coruña, é que ten como obxectivo pór en marcha medidas de sensibilización e apoio no eido da conciliación da vida persoal e laboral para acadar unha maior flexibilidade no traballo.



ASETEM-CCA dexesalles unhas felices festas de Nadal a tñdolos lectores do Cerne



CENTRAL:

Fernando González nº 4 - 3º Dcha
15004 A CORUÑA

Tel: 981 173 616 Fax: 981 602 120



PLANTA LA CORUÑA

Ctra. La Coruña - Corballo, km. 3
15008 A Coruña

Tel: 981 294 297 Fax: 981 294 297

PLANTA MONTESALGUEIRO

Ctra. Nacional VI, km. 555
Aranga - A Coruña

Tel: 981 789 338 Fax: 981 789 338

PLANTA MELIDE

Pol. Industrial Madanela, parc. 30
Melide - A Coruña

Tel: 981 507 891 Fax: 981 507 891

AUTOCONTROL DE CALIDAD CON SUPERVISION EXTERNA

O teu centro comercial está en Melide

Confecciones Álvarez	1 premio de:	Joyería Oro Ley
Mobles Ares	3000 euros	Floristería Tarrío
Electrotel 2000	1 premio de:	Muxica Tenda xoven
Decoraciones Anmi	1500 euros	Perfumería Lyss
Joyería Silvela	1 premio de:	Silvia Novias
Angarela	1000 euros	Aceiteiro
Mobles Paula Traspome		Frutas Gallego e Hijos
Casa das Luces		Cafetería Ivory
Kandela Moda	O Refaixo	Pulpería Alongos II
Óptica Abal	Supermercados García e hijos S.L.	Librería Vitorio
Centro Comercial Ares	a.contrapelo Perruquería	Recambios Ángel

Campaña organizada por ASETEM-CCA

O teu centro comercial está en Melide

Imprenta Meligraf

Melligas

Decoraciones Sito

Tintorería Iris

Panadería Tahona

Librería Yomar

Mercería Marvi

Hotel Carlos 96

Melisanto Soc.
Cooperativa

Cafetería Escape

Ribeirao S.L.

4 premios de:

300 euros

4 premios de:

200 euros

12 premios de:

100 euros

Campaña do 1 de decembro ao 7 de xaneiro. O sorteo dos premios será o 7 de xaneiro na sede de ASETEM-CCA

Estética Sun-Si

Las 3 BBB

Clínica Fisio-Vida

Parrillada Rúa

Pescados Abel

Calzados Romero

Pastelería Caprichos

Seguros Bilbao- Rodrigo
Fernández

Talleres Bertocar

Modas Manuel

Tanuska Zapatería

Calzados Conde

Joyería Roval

Campaña organizada por ASETEM-CCA

Celebráse a XVIII Semana da música da Terra de Melide organizada pola Coral Polifónica

Corría o ano 1989 cando a a Coral melidense decidiu crear a *Semana da música Terra de Melide* co obxectivo de divulgar os sons máis tradicionais da nosa cultura invitando a participar nela as diferentes agrupacións musicais da comarca. Dende aquela xa son 18 anos os que se leva convocando este certame musical ininterrompidamente e gozando dunha gran acollida por parte dos Veciños de Melide.

Coincidindo sempre coa festividade de Santa Cecilia, patroa dos músicos, este ano celebrouse a XVIII edición da *Semana da música Terra de Melide* durante cinco xornadas nas que participaron doce formacións da no escenario da Igrexa parroquial.

O programa desta edición deu comezo coa escola de gaitas e percusión galegas *Axóuxere* onde os máis cativos amosaron cos seus sons que a música tradicional ten futuro nas novas xeracións. Deseguido actuou a solista Irene Ruíz Carmuega e o grupo *Maristela* de Sobrado. No segundo día as actuacións correron a cargo do grupo da Catequese Parroquial e a Banda de Música de Visantón que interpretou pezas de Verdi e Schumann, entre outras. O venres 30 a Igrexa parroquial acolleu a música popular do grupo melidense Troito e as intervencións da Coral Polifónica de Santiso e a Escola de Música e Baile tradicional de Toques.

A Agrupación folclórica Castelo de Melide tampouco deixou de participar no evento interpretando obras populares e ese mesmo día actuou tamén a banda de Música do municipio.

No peche deste certame a Igrexa parroquial encheuse dos sons das gaitas de Froito



A actuación da Coral de Melide clausurou esta semana da música



O grupo Froito Novo actuaron ao son das gaitas



Os nenos da escola Axóuxere

Novo e da agrupación Os Melidaos. Pero a protagonista desta última xornada foi a anfitriona, a Coral Polifónica de Melide, que no seu discurso lou a labor do seu director, Valerio Moratov, e tamén agradeceu ao público a boa reposta que da tódolos anos a esta iniciativa.

A XVIII edición da Semana da Música de Terra de Melide, organizada pola Coral, contou có patrocinio da Xunta de Galicia, da Deputación da Coruña e do Concello de Melid, ademais da colaboración da empresa Weber e da imprenta melidense Meligaf



Os Melidaos deleitaron ao público con algunhas muñeiras

As xornadas dedicadas ao colectivo feminino do agro veñense convocando dende hai sete anos

A Cooperativa Melisanto honra ás mulleres do rural

Máis de 200 mulleres rurais acudiron para celebrar o seu día

A Cooperativa Melisanto celebrou na súa sede estas xornadas anuais, realizadas dende hai sete anos, nas que se recoñece o traballo desenrolado pola muller no eido rural. Por un día as máis de 200 mulleres que acudiron ao acto poideron gozar do seu día e esquecer as súas tarefas habituais no agro que as manteñen ocupadas ao longo de todo o ano.

A xornada comezou ás dez e media da mañá e foi inaugurada polo presidente de Melisanto, José Varela Segade, quen logo dunhas verbas de eloxio ao traballo do colectivo feminino rural, deu paso ao visionado dun vídeo sobre as estruturas e funcionamento en distintos ámbitos da Cooperativa. Na proxección audiovisual as convidadas puideron coñecer de

primeira mán as instalacións da sociedade, o seu funcionamento, os servizos e actividades cos que conta a entidade ou o proceso de elaboración dos piensos, entre outras cousas.

A continuación tivo lugar unha serie de charlas dirixidas a informar ás mulleres sobre distintos ámbitos do mundo da cooperativa. A primeira poñencia, co título de *Mulleres e desenvolvemento cooperativo*, correu a cargo do Xefe de Servizo do Rexisto de Cooperativas da Consellería de Traballo, Manuel Pérez Losada. Outra conferencia foi *O control sanitario do leite cru nas explotacións* presentada polo Director Xeral de Calidade Agroalimentaria da Xunta, Antonio Oca Fernández.. A charla *A importancia da fusión das cooperativas* contou coa intervención do Xefe do Servizo de Fomento Asociativo Agrario, José Ramón Pederira Dono. Tamén se celebrou unha mesa redonda sobre *O papel da muller nas explotacións agrarias*



Máis de dúascentas mulleres acudiron a esta xornada

na que participaron os representantes da Consellería do Rural Antonio Oca e José Ramón Pedreira.

Pero unha das actividades que máis éxito tivo entre as persoas reunidas no acto foi a obra de teatro que versou sobre o tema da fusión das cooperativas e na que participaron como actrices algunhas mulleres do agro. A representación, de carácter cómico, arrancou máis dunha carcaxada entre o público alí reunido.

Na clausura da xornada a

alcaldesa melidense, tamén presente no evento, lembrou que *non hai acto en todo o ano en Melide que xunte a tantas mulleres* e resaltou que *é evidente que o noso país non se entende sen o mundo rural pero máis claro é que este eido non se entende sen as mulleres que son sinónimo de iniciativa, esforzo e traballo sen límite.*

Para rematar este día Melisanto ofreceu un xantar no Hotel Carlos de Melide



A obra de teatro tivo un grande éxito entre o público



Piticlina visita a biblioteca

A amiga inseperable de *Chisco*, a mascota da biblioteca municipal, voltou a visitar os máis cativos do concello para contarlles numerosas historias coas que os nenos gozaron ao longo dunha tarde. A través dos seus relatos, *Piticlina*, tenta ensinalle aos pequenos valores como a igualdade na sociedade ou a non empregar a violencia ademais de promover a costume da lectura dende idades tan tempranas.

Numerosas actividades conmemoran o Día contra a Violencia de Xénero

O día 25 de novembro ten lugar o día Internacional da Violencia de Xénero, data na que se reivindican os dereitos das mulleres que son obxecto de agresións por parte das súas parellas. O CIM, Centro da Información á Muller, de Melide realizou varias actividades para dar a coñecer, con motivo deste evento, as medidas e axudas ás que poden recorrer as vítimas dos maltratos.

Deste xeito, na radio local tivo lugar un concurso durante varios días con preguntas sobre este problema onde aos oíntes que atinasen as repostas se lles daba un agasallo, ademais a emi-

sora tamén emitíu unha entrevista coa psicóloga do Centro na que se abordaron diferentes cuestións venciadas coa violencia de xénero.

O CIM tamén acolleu a proxección dunha película cuio eixe central era o tema do maltrato e que levaba por título *O domingo se Deus quere*. O film relata a vida dunha arxelina que volta a reunirse co seu marido en Francia logo de estar dez anos separados despois de que él deixará o seu país para traballar en Europa pero na súa chegada a muller sintese enxaulada e vexada na súa casa polo seu home tendo como único

contacto co mundo exterior a compañía dunha radio.

Neste día organismos, como a Xunta, distribúen folletos para previr ou tentar erradicar este problema que cada ano afecta a un maior número de mulleres e de diferentes idades. Este feito o amosan estatísticas como as que publica o Centro Reino Sofía nas que se observa que cada ano son asasinas polas súas parellas unha media do 64 por cento de mulleres, sendo o eido rural un dos máis afectados.

Dende as institucións recoméndase que as persoas que sufran maltratos non dubiden en denunciálo ao teléfono da muller 900400273.

En imaxes | As festas do magosto

As castañas asadas protagonistas do mes de novembro

Centos de veciños reuníronse en diferentes lugares para celebrar as festas tradicionais destas datas: os magostos. O carón do lume e na compañía do viño e outras bebidas, os melidenses non faltaron á súa cita anual con este manxar dende os máis cativos ata os maiores non quixeron deixar pasar estas festas únicas en todo o ano.

O Centro Social acolleu a

deceas de socios que entre castañas e conversas pasaron unha tarde de lecer, o Centro Ocupacional de rapaces con discapacidade tivo unha invitada de luxo, a alcaldesa melidense que foi acompañada da concelleira de Benestar e Igualdade, Casé Rodríguez e, por último, os máis pequenos da vila rindéron a súa homenaxe ao magosto con colares feitos de castañas.



Os nosos maiores desfrutaron das castañas no centro da terceira idade



Os mozos do centro ocupacional celebraron o seu magosto coa alcaldesa



Os máis pequenos de Melide non quixeron perderse esta festa

ADEGA organizou un roteiro pola Terra de Melide

A agrupación ecoloxista ADEGA organizou un roteiro pola comarca melidense que abrangaba a ruta Serra de Careón- Serra do Bocelo.

O roteiro, duns 10 km, partiu de Melide cara o monte do Bocelo, visitando no camiño a igrexa prerrománica de San Antoniño de Toques, situada nun fermoso enclave na marxe do río da Toca.

Posteriormente, os asistentes poideron admirar os

penedos en forma de bolos que reciben o nome de Pena de Moura e contemplar dende o cumio do Bocelo a ampla panorámica do monasterio de Sobrado dos Monxes.

Tamén visitouse a Mámoa de Forno de Mouros, as Fervenzas de Brañas e o Castro da Graña.

Esta iniciativa enmarcase dentro dos Roiteros que a entidade proxecta por toda Galicia sendo este o de ADEGA- Lugo 2007.

Veciños de Melide participan no documental *Doa a Doa* da TVG

Xosé Domingo Fuciños. Presidente da Asociación *Terra de Melide* organizou un acto de presentación da docuserie *Doa a Doa* xa que neste programa participan algúns dos veciños de Melide. A Igrexa de San Antón acolleu o evento e ata ali desprazáronse numerosos melidenses que non quixeron perderse o evento. Dos a Doa é unha serie producida por Ibisa TV, con catorce episodios na súa



primeira tempada, e que se emite tódolos venres pola noite na Televisión de Galicia. Neste programa de carácter biográfico partici-

pan un centenar de persoas maiores, nadas arredor do ano 1927, lembrando as historias da súa infancia e xuventude.



Alumnos do IES fixeron bailar os seus peóns ao longo da mañá na praza do convento

Máis de douscentos escolares de Melide celebraron o Día do Peón

O día 9 de novembro celebrouse a terceira edición do Día do Peón na praza do Convento de Melide. Alí centos de alumnos do IES practicaron as súas artes coas peonzas convertindo o lugar nunha improvisada pista de baile dos trompos.

Con frases como *Eu quero ver un milleiro de buxainas bailar, porque é a tradición do noso pobo e as miñas tradicións son a miña identidade* ou *Eu quero ver un milleiro de peóns a bailar para que a nosa lingua role nas máns dos nosos cativos* leron un grupo de

alumnos de cuarto da ESO o manifesto que elaboraron para este día e que era moi significativo xa que foi o que se leu en tódolos centros escolares de Galicia que participaron nesta actividade. Pero non só os rapaces do instituto desfrutaron dos trompos xa que tamén no CEIP Mestre Pastor Barral os seus alumnos gozaron no patio escolar deste xogo popular.

O Día do Peón é unha iniciativa promovida por Brinqueida, Rede Galega de Xogo Tradicional, na súa labor de recuperación,

difusión e promoción do patrimonio lúdico tradicional. Con esta convocatoria a institución tenta acadar que se ocupen os lugares públicos de da comunidade autónoma galega para convertelos en espazos de xogo.

O peón, coñecido tamén como trompo, buxaina ou bailarete, sempre foi un xogo que comenzaba a se practicado en novembro cono o amosa o refrán *Polo San Martiño, peóns ao camiño* e deixaba de ser practicado polo mes de xaneiro.



No acto participaron pais, alumnos e mestres do IES

Os mobles feitos polos alumnos de madeira do IES saen a poxa

Os alumnos do ciclo de FP de fabricación a medida e instalación de carpintería sacaron a poxa os mobles feitos polas súas propias máns ao longo do curso anterior. Era a primeira vez que se realizaba esta iniciativa logo de levar xa anos facendo unicamente exposicións dos mesmos nas dependencias do Instituto. A poxa tivo lugar na sala de audiovisuais do centro onde se deron cita numerosas persoas entre pais, alumnos e mestres, que ían có seu correspondente número identificativo para poder adquirir as pezas de madeira.

Entre os vinteun mobles polos que os asistentes poxaron atopábanse, entre outros, vitrinas, cadeiras, mesas ou sinfoniers, todos

eles construídos cunha grande variedade de madeiras dende a de castaño ou a de cerdeira ata a de haia ou arce.

Con estas características dos mobles non foi de estranar que tódolos produtos desta poxa foran adquiridos, excepto tres, superando algún con creces o prezo de saída. A calidade das madeiras e o atractivo deseño imprimido nos obxectos polos propios alumnos foi un reclamo sen dúbida para mercar estes mobles. Este ciclo de grado medio é un dos que máis saída ten no mercado laboral, así o amosan as propias estatísticas xa que dende hai cinco anos un 99 por cento dos alumnos que rematan os estudos de madeira atopan emprego.

Comenzan as Escolas Deportivas con novas actividades para os nenos do municipio

Este ano as Escolas deportivas, culturais e educativas traen consigo novas actividades como teatro, manualidades, multiaventura ou xogos populares.

Estas escolas, organizadas polo Concello de Melide, tentan fomentar o deporte, a cultura e a educación entre os rapaces melidenses a través dunha ampla oferta de actividades. Así no eido do

deporte ofertáanse a práctica de fútbol sala, baloncesto, balonmán, voleibol, tenis, tenis de mesa, bádminton, patinaxe ou Multiaventura que abrangue tiro con arco ou escalada. En canto á cultura e educación os interesados contan con clases de pintura, teatro, xadrez, manualidades, ballet clásico e moderno, baile batuka, mecanografía ou informática entre

outras. Ademais dentro desta ampla programación de actividades pódense dar cabida, dentro da medida posible, a novas propostas dos por parte dos usuarios.

O prazo das inscricións para participar nas iniciativas destas escolas está aberto dende o 5 de novembro podendo formalizalas no Departamento de Cultura, Deporte e Mocidade do Concello.

HC
Hotel Carlos '96

RESTAURANTE
CAFÉ - BAR
BODAS / BANQUETES
COMIDAS DE EMPRESAS

Tfno.: 981 50 76 33
Fax: 981 81 55 12
Avda. de Lugo, 119
15800 MELIDE (A Coruña)
e-mail: hc96@wanadoo.es

A Banda de Visantoña rinde unha emotiva homenaxe á Coral Polifónica de Melide no seu 25 aniversario

O coro melidense foi nomeado socio de honra da banda de música

A Banda de Música de Visantoña celebrou a súa festividade de Santa Cecilia adicándola a Coral de Melide, nun encontro no que a agrupación musical de Santiso quixo homenaxear ao coro no seu vintecinco aniversario.

Os actos deron comenzo cunha actuación na Igrexa parroquial de Visantoña na que participaron a Banda e a Coral interpretando a misa D-872 de Schubert, acompañadas polos sons do conxunto

instrumental da Escola de Música. Ao rematar o oficio da misa foi a agrupación musical de Visantoña a que ofreceu un concerto con pezas como a *Rumba para Susi* de Campos, obra na que contaron coa colaboración do gaiteiro Micki. Tamén se poido escoitar o pasadobre *130 aniversario* de Eugenio Pazos, director perpetuo da Banda e avó, a suá vez, do actual, Uxío Pazos Pintor.

E é que neste ano as dúas forcións están de celebración xa que a Banda cumpre 130 anos e a Coral melidense 25 motivo este máis que de abondo para que o día fora unha festividade especial.



A Coral e a Banda interpretaron conxuntamente a Misa D- 872 de Schubert



Actuación da Banda de Visantoña despois da misa

Xantar de confraternidade

Despois das actuacións tivo lugar un xantar en Vilar de Ferreiros onde a Banda nomeou socio de honra ao coro de Melide. No acto agradeceuselles á coral a colaboración que sempre tivo coa agrupación de Visantoña e felicitouselle polo seu 25 aniversario. A presidenta do coro, Ánxeles González, tamén lles dedicou unhas verbas destacando a fermosa homenaxe que lles ofreceron.



O xantar de confraternidade tivo lugar no Pazo Vilar de Ferreiros

A Orquestra sinfónica presentará o primeiro musical galego, *Gallaecia*

A Orquestra sinfónica de Melide interpretará o primeiro musical galego, *Gallaecia*, en diferentes cidades da provincia da Coruña a principios do vindeiro ano.

Tres son os escaerios que acollerán o espectáculo: o Teatro Colón da Coruña, o Teatro Jofre de Ferrol e o Auditorio de Santiago de Compostela. Esta xira conta coa axuda da Deputación da Coruña que achegara 65.000 euros para promover a actuación, este apoio económico lle foi confirmado ao director da orquestra, Fernando Vázquez Arias, na xuntanza que man-

tivo a mediados deste mes co presidente da entidade provincial, Salvador Fernández Moreda.

Gallecia é unha obra de máis de dúas horas de duración e que baixo o fío conductor da orquestra sinfónica de Melide acolle a máis de cen artistas especializados en diferentes eidos da música e do baile. Entre eles salientan a soprano, Susana de Lorenzo, o tenor Alberto Cunha, os coreógrafos Andrés e Berna Carballeira, o grupo folklórico Liorna e as cantareiras e grupo de baile da Asociación Trompos ós pés.

O espectáculo consta de catro partes: Na primeira a protagonista é a Sinfónica de Melide que dará vida aos sons das pezas *Rapsodia azul e branco*, a *Suite de muñeiras* e *Valses galegos*. No segundo acto os ritmos da agrupación Liorna uniránse ás interpretacións da orquestra melidá en temas como *Ferida*, *Soidade* e *Ven*. O grupo Trompos ós pés e as cantareiras actuarán na terceira parte con *E estou cantando*, *Agarrado de Anxeriz* e *Xota de Zobra*. A última centraráse nos sons das cancións populares como



A Sinfónica conta cun recoñecido prestixio no panorama musical

Negra Sombra, *Anduriña*, *Alecrín* e *Teño saudade*. Fernando Vázquez Arias afirmou que por primeira vez na historia de Galicia unense distintas vertentes para dar

formato a un musical galego que xunta tódalas estéticas e estilos practicados na comunidade como son a música sinfónica, a folk, a popular e a melódica.

Xesús Ferreiro compite no Rally Shalymar xunto co bicampión mundial Carlos Sainz

O melidense, Xesús ferreiro, actual campión da categoría de Rally de Vehículos Históricos participou hai uns días na XVII edición do Rally madrileño Shalymar, proba prepuntuable para o campionato de España.

A sorte desta vez non acompañou o piloto melidense que tivo que abandonar a competición logo de detectar ferreiro unha avería nunha das válvulas do motor do seu Ford Escort MKII. O actual campión de España comentou tralo seu abandono que *a verdade é que foi unha mágoa porque era un rally no que tiñamos posta moita ilusión e que queríamos rematar para celebrar o Trofeo de Históricos que acadamos esta tempada na nosa participación no Nacional de Asfalto*. A victoria do Rally Shalymar 2007, que constaba de doce especiais, foi para o bicampión mundial, Carlos Sainz, e seu copiloto, Carlos Moya, que se



Ferreiro co seu equipo acompañados de Moya e Ricardo Sainz

reecontraban nesta carreira despois de cinco anos dende a súa separación profesional no ano 2002.

Ao remate da competición o equipo de Ferreiro, da escudería Melide Motorsport, felicitou os gañadores e aproveitaron para facer de bos embaixadores da Terra de Melide agasallandoos cunha bandeixa do noso máis típico produto: os melindres.



Dous campións xuntos, Carlos Sainz e Xesús Ferreiro

O CF Toques segue a recoller victorias

Dende que o Clube Toques CF rompera a súa mala racha o pasado mes de outubro non esta coñecendo a derrota en case ningún dos partidos que disputa.

Así no partido que os toqueses xogaron no seu campo contra o Boimorto acadaron a victoria por 1-0 grazas o tanto marcado por Luis. O partido contra o San Martiño saldouse enchendo o marcador cos goles realizados por Carril e Bareto que fixeron rematar o encontro cun resultado favorable de 3-0.

Sen coñecer ningunha derrota o unico partido que remataron con empate foi o celebrado contra o Dorneda cuio resultado final foi 1-1, pero non hai que restarlle mérito o equipo toquense xa que este encontro só o xogaron no campo con dez xogadores.

O CIRE de Melide continua coa suá racha imparable como líder absoluto do grupo 4º da terceira autonómica

O CIRE de Melide non abandoa o liderato da súa categoría logo de levar once victorias consecutivas sen coñecer a derrota. Ao longo deste mes de novembro o equipo enfrontouse ao CD Dorneda, ao San Martiño, ao Pontecarreira e ao CD de Mesía.

Pero o encontro máis emocionante foi o que os locais azuis disputaron contra o segundo clasificado na táboa e o seu máis directo rival, o Pontecarreira SD e que tivo lugar no Campo Municipal de Melide o pasado 19 de novembro.

O Partido comezou co Pontecarreira creando perigo ante a porteria do gardameta, perillo, pero pasados os primeiros dez minutos os locais empezaron a facer



O equipo do CIRE segue in victo na competición

unha ilustración do seu bó xogo no campo e así no minuto vinte chegou o primeiro gol dos pés de Jechu. A segunda parte non puido escomenzar mellor coa marcaxe doutro tanto protagonizado esta vez por Mark que

marcaba deste xeito por quinta semana consecutiva. O resultado final foi a victoria para os locais por 2-0. Os demais equipos que compoñen o CIRE tamén están dando que falar esta tempada. Así a categoría dos infantís

están a facer unha grande campaña na primeira autonómica e máis tendo en conta que sete dos seus xogadores son do primeiro ano. Xunto con estes os alevíns tamén están rexistrando un balance de victorias moi positivo. O grupo dos cadettes, que ascenderon o ano pasado de 2ª autonómica á 1ª, están colocados como segundos na súa táboa e se continúan coa súa racha de goles teñen moitas posibilidades de acadar este ano o ascenso á liga galega. Nesta mesma liña está o grupo de xuvenís que neste intren situáanse a tres puntos do ascenso. Por último, os veteranos como primeiro ano que están federados tamén están en postos de ascenso grazas á boa labor de Emilio González como alma do equipo

O Atlético de Melide loitando na competición

Tralo seu regreso a competición o pasado xuño logo de máis de trinta anos, o atlético de Melide comezou a tempada cunha grande ilusión en tódalas súas categorías que van avanzando satisfactoriamete en tódolos seus partidos.

O total dos oito equipos que o integran: benxamíns, alevíns, infantís, cadete, xuvenís, senior e feminino están acadando victorias que comencan a facer forte a este clube melidense.

O Atlético de Melide voltou á competición federada este ano logo de fusionarse co Santiso e xa conta na actualidade con máis de trescentos socios e moitos afeccionados que non se queren perder todos os seus encontros.

Barcos có nome *Melide*

XOSÉ DOMINGOS FUCIÑOS

Dende fai anos, barcos navegaron polos mares do Mundo, co nome de *Melide*, aínda que non é polo noso Melide senón polo noso irmán Melide do Ticino (Suíza), non deixa de ser curioso para nós.

Suíza a pesares de non ter mar, ten importantes Navieras, con barcos por todo o mundo, e un importante tráfico fluvial e nos numerosos lagos.

Propiedade dunha Naviera

Suíza con sede en Lugano (Ticino-Suíza), foi o *M/S Melide* de 15.598 toneladas e bandeira de Panamá que navegou como mercante até finais dos anos setenta.

Outro barco foi o *M/S Melide*, antigo *Rigar*, de carga xeral construído en Stavanger en 1922, que levou o nome de *Melide* dende o ano 1949 até o 1957. No ano 1967 foi desguazado en Taiwan.

Hoxe en día está polos



M/T Melide actual

mares do mundo o petroleiro *M/T Melide* de bandeira liberiana con matrícula en Monrovia, cunha escalera de 183 metros,

27 metros de manga, calado máximo 12 metros, dobre casco e un peso morto de 35.841 Toneladas. Foi construído

en Corea no 1999, sendo o seu armador C.F. Aherenkiel de Hamburgo (Alemaña).

O humor de onte



Cousas do Faro de Vigo (anos 30)
Arquivo dos irmáns Fuciños-Gómez
(Casa de Pita)

In memoriam

Antonio Mosteiro Silvela

XOSÉ DOMINGOS FUCIÑOS

O pasado trece de novembro- 07 faleceu en Melide, Antonio Mosteiro Silvela, máis coñecido como *Cadete* ou *Silvela*.

Nacerá no ano 1949 na Parroquia Melidá de St María dos Anxos, e traballara en *Radiotrónica* para telefónica.

Silvela foi discípulo de Grabiél *Garceiras*, membro de *Os Garceiras* cos que tocou de novo, e un dos membros que gravaron en Vigo o extraordinario disco no ano 1969.

Logo en Vigo tocou co coro *Lembranzas Galegas*, co Ballet Galego de *Maruxa Méndez* e con outros grupos da bisbarra de Vigo, relacionándose con grandes gaiteros como *Os Morenos de Lavadores*, *Os Cruceiros* e *Airiños do Parque de*



Castrelos. Logo en Ourense tocou cos gaiteros *Brisa do Miño*.

Un gaitero con xesto interpretativo, moi boa afinación e un repertorio moi meritorio con pezas antigas moi salientables para mín un dos moitos bos gaiteros da *Terra de Melide*.

Descanse en paz

Novas xeracións preparadas para o futuro

VANESSA MARTÍNEZ IGLESIAS

Galicia pasou de non saber ler nin escribir a fabricar universitarios en serie para os que non hai sitio en lado ningún. E canda esta xeración de novos *culturillas* naceu tamén a idea de que o que non ten estudos non vale para andar pola vida; que é o que non le novelas e ensaios sobre historia e economía non está a altura do ritmo que leva este mundo. Por sorte, hai aínda moita xente que cre que todas as cousas que poidamos atopar nos libros son, case sempre, complementarias, que a verdadeira sabedoría non está en libro ningún, e que non por ter unha biblioteca de centos de exemplares imos ser



mellores persoas. Mellor se a temos, pero a maiores. É característico de cada momento da vida, se cadra pola enerxía que dá a xuventude, que a xente nova pensemos que os vellos están sempre menos preparados, que chegamos nós para mellorar o mundo que os nosos devanceiros non foron quen de mellorar. Pero mentres nós, os universitarios que asistimos a reunións, a conferencias, a feiras de libros que normalmente se amorean sen nunca seren abertos nun estante cheo de po, elevamos as cifras de índice cultural do país, os nosos vellos botan os nabos,

apañan as patacas, escollen as castañas, crían os pitos, limpan o trigo e poñenlles as varas ás xudías que nós xa só sabemos mercar no supermercado. Está ben que alguén incluíse nun plan de estudos coñecementos sobre cando é mellor podar as árbores froiteras, cal é a mellor época para facer un enxerto ou en que lúa se plantan os pementos ou se debe cortar o pelo. Pero mentres nosos país fan todo iso para enchernos o conxelador e as fiambreiras, nós mercamos libros que nunca lemos, debatemos sobre cifras económicas e botamos terra sobre os costumes dos que procedemos.

Recuncho para a reflexión

A illa dos sentimentos

Daniel Roibás

Este é o recanto para deterse a ver a vida a través de contos que convidan a ver a alma da nosa existencia

Erase unha vez unha illa onde habitaban tódolos sentimentos: a Leducia, a Tristura e moitos máis, incluíndo ao Amor. Un día, foise avisando os seus moradores, de que a illa íase afundir. Tódolos sentimentos buliron a saír da illa, meteronse nos seus barcos e preparáronse para partires, pero o amor ficou, porque quería quedar un intre máis coa illa que tanto amaba, antes de que esta afundise. Cando, por fin, estaba caseque afogando, o amor comezou a pedir axuda. En isto viña a Riqueza e o amor dixo: ¡Riqueza leváme contigo!. Non poido, hai moito ouro e prata no meu barco, non teño espazo para tí, díxolle a riqueza.

O amor pidiulle entón axuda á Vanidade, que tamén viña pasando por alí: ¡Vanidade, por favor axúdame!. Non che podo axudar, Amor, tí estas mollado e vásme arruinar o meu barco novo. Entón, o Amor pidiulle axuda á Tristura: Tristura, ¿deixásme ir contigo?. Ay, Amor, teño tanta mágoa que prefiro ir soa. Tamén pasou a ledicia, pero ela estaba tan leda que nin oíu o Amor chamar: Desesperado, o Amor comezou a chorar, aí foi cando unha voz beroulle: Ven Amor, eu te levo. Era un velliño, e o Amor estaba tan ledo que se esqueceu de preguntarlle o seu nome. Ao chegar a terra firme, preguntoulle á Sabiduría,

¿Quen é o velliño que me trouxo aquí?
A Sabiduría respoundelle: é o Tempo
¿O Tempo?. Pero, ¿Porqué só o Tempo quixome traer?
A Sabiduría respondeulle: Porque só o Tempo é capaz de axudar e entender ao Amor.
Este conto, anónimo, ensínanos o grande que o amor. Esta connosco sempre sen abandonarnos, como á illa, pero nós o esquecemos pensando en outras cousas como a riqueza, a vanidade por ter sempre máis cos demais.... E é verdade que só co tempo damonos conta, por exemplo, do moito que queríamos a persoas que perdimos e que coas que non fumos capaces de amosarlle todo o noso amor. Así que demóslle unha oportunidade ao amor, esta é una boa época para empezar díganoslle a nosa xente querida canto a apreciamos. Que o amor entre este nadal en tódolos fogares. ¡Boas festas a todos!, con todo o meu AMOR.

Lembranzas



A vella Alhódiga dende a torre da Igrexa Parroquial (anos50)
Arquivo dos irmáns Fuciños-Gómez (Casa de Pita)

ACTOS DECEMBRO

- Campaña de recollida de xoguetes en bo estado ou donacións en metálico para os nenos máis necesitados de Melide. Ata o 25 de decembro no Centro Social
- Sábado 15: acto de homenaxe a Xesús Ferreiro e o seu equipo gañadores do campionato de Rallies de vehículos históricos de España na praza do Convento
- Domingo 16: Circuito de maxia coa actuación de varios magos. Pavillón do IES, 20:00 h
- Venres 14: Obra de teatro musical da Banda da Escola de Música de Visantoña. Pavillón do IES, 21:00h
- Sábado 22: 1º Festival de Nadal Bingo Biron no Concello de Toques con diversas actuacións como bailes, gaiteros ou a representación da obra teatral *A tía Lambida*
- Concerto de Panxoliñas da Coral Polifónica de Melide na igrexa parroquial

- Venres 28: Presentación en sociedade do grupo *Tromentelos e Chis-pun* contando apadriñados polo grupo *Pé de boi*. Lugar: Sala 600

LIÑAS DE AUTOBÚS

MELIDE - A CORUÑA De luns a venres: 9.30, 13.15, 17.00, 20.45, Sábados: 9.30, 13.15, 17.00, 20.45 Domingos e Festivos: 9.30, 17.00, 20.15, 20.45, 22.30	Sábados: 7.50, 10.15, 11.55, 15.25, 17.50 Domingos e festivos: 7.50, 11.55, 15.25, 17.50, 20.20
A CORUÑA - MELIDE De luns a Venres: 8.00, 11.30, 15.30, 19.00 Sábado: 8.00, 11.30, 15.30, 19.00 Domingos e Festivos: 8.00, 11.30, 15.30, 17.00, 19.00	MELIDE - LUGO De luns a venres: 7.55, 10.10, 11.55, 13.35, 16.05, 16.55, 19.25, 20.50, 21.50 (só venres lectivos) Sábados: 7.55, 11.55, 13.35, 16.55, 19.25 Domingos e festivos: 7.55, 11.55, 16.55, 19.25, 20.50
MELIDE - FERROL Sábados: 19.15 Domingos e Festivos: 19.15	TOQUES - MELIDE (Folladela-Fondevila) Luns a venres laborables: Saída de Fondevila: 10.20 Saída de Melide: 12.30 Domingos excepto último de mes: Saída de Fondevila: 8.15 e 11.00 Saída de Melide: 13.00 Último domingo de mes: Saída de Fondevila: 7.45 Saída de Melide: 13.00 e 14.00
FERROL - MELIDE Sábados:10.30 Domingos e festivos: 17.00	
MELIDE - OURENSE De luns a venres: 9.30, 12.30, 17.00, 20.00 Sábados: 9.30, 12.30, 17.00, 20.00 Domingos e festivos: 9.30, 12.30, 17.00, 19.00, 20,00	
OURENSE - MELIDE De luns a venres: 8.00, 12.00, 15.30, 19.15 Sábados: 8.00, 12.00, 15.30, 18.00, 19,15 Domingos e Festivos: 9.30, 15.30, 18.00, 19.15, 21.00	MELIDE - TOQUES (Fondevila-Folladela) Martes e venres laborables: Saída de Folladela: 8.30 Saída de Melide: 12.30 Domingos excepto último de mes: Saída de Folladela: 8.40 Saída de Melide 13.00 Último domingo de mes: Saída de Folladela: 8.30 Saída de Melide: 13.00 e 14.00
MELIDE - SANTIAGO De luns a venres: 6.45, 7.50, 10.15, 11.55, 14.05, 14.40 (per. lectivo), 15.25, 17.50, 20.20	

TELÉFONOS DE INTERESE

URXENCIAS		Atención ao cidadán	981120012	I.E.S. de Melide	981505162
UrxenciasSanitarias	061	Valedor do pobo	981571900	C.E.I.P nº1	981505238
BombeiroS	080	Economía facenda	981545151	C.E.I.P nº2	.981505929
Incencios Forestais.....	..085	Industria e Comercio	981544341	Gardería	.981505003
Policía Municipal		Sevizo Galego Colocación	981125000	U.A.F. de Melide	981 507742
Urxencias	092	Teléfono da Muller	900400273		
Melide	981505003	Teléfono do Menor	900444222	SANTISO	
Policía Nacional	091	Dirección Xeral de Tráfico	900125505		
Garda Civil		Correos.	902197197	Casa do Concello	981818501
Urxencias	062	Auga	981242322	Centro de Saúde	
Melide	981505007	Electricidade	981147200	Agrochao	981517803
S.O.S		Gas.	900760760	Visantoña	.981510749
S.O.S Galicia	112			Xulgado de Paz	981 818501
Protec.Civil.	670498848				
		MELIDE			
TRANSPORTES		Casa do Concello	981505003	SOBRADO	
Renfe		Centro de Saúde	981506176		
Nacional	902240202	Servizos Sociais	981505012	Casa do Concello	981787508
A Coruña		Consevatorio	981507100	Desenvolvemento local	981787508
Santiago		Polideportivo	981507752	Centro de Saúde	981787744
Autobuses		Centro Social da 3ª Idade	981505706	Mosteiro de Sobrado	981787509
A Coruña	981239099	Parada de Taxis	981505390	Xulgado de Paz	981787508
Santiago	981542416	Oficina de emprego	981505204		
Aeroportos		Albergue Xuvenil	981507412	TOQUES	
A Coruña.	981187200	Albergue do Peregrino	660396822		
Santiago	981547500	Centro Ocupacional	981505003	Casa do Concello	981505826
Vigo	986268200	A.S.E.T.E.M-CCA	981506188	Centro de Saúde	981507301
SERVIZOS E INSTITUCIÓNS		Fundación Terra de Melide	981507244	Xulgado de Paz	981505826

Paula García Vázquez, de Centro de Fisioterapia Fisiovida

O máis gratificante desta profesión é poder axudar á xente

As máns de Paula García son a súa ferramenta de traballo, con elas é capaz de aliviar as dores dos seus clientes pero para esta fisioterapeuta non só vale curar

fisicamente os seus pacientes senón que tamén empregar a psicoloxía é un factor clave para que a xente disfrute dunha vida máis saudable

Nada máis rematar a carreira atopou o seu primeiro emprego como fisioterapeuta nunha empresa. Alí pasou tempo de abondo para comezar a súa rodaxe na profesión e decidirse a abrir a súa propia clínica. Diso xa hai tres anos e medio e dende entón non parou de traballar compaxinando tanto as tarefas habituais do seu negocio como colaborando nunha residencia da terceira idade.

-Cómo che xurdíu a idea de montaro teu negocio?

-Empezei traballando asalarada durante un ano e durante ese tempo puiden ver cómo funcionaba o mundo da fisioterapia e comprobei que había cousas que non me gustaban, que necesitaba o meu entorno para estar cos meus pacientes e non só dar masaxes senón tamén animar á xente con conversas.. Eu recomendaría que cando un empeze non o faga no seu, que viva primeiro a experiencia para saber que é o que lle gusta realmente da súa profesión.

-Foron duros os principios respecto á clientela?


-Non, neste senso tiven

Antes de abrir o teu propio negocio o mellor é vivir unha experiencia laboral

moita sorte. Empezei pouco a pouco, non foi encher o horario así de súpeto pero a xente recibíume bastante ben.

-En que consiste exactamente o teu traballo ?

-A fisioterapia é un tratamento físico non invasivo, facémolo todo manualmente con masaxes ou con máquinas, por exemplo. Abrangamos todo o que poida afectar ao sistema muscoesquelético como lesións osteoarticulares, tendinosas, musculares, dores vertebrais ademais de problemas circulatorios



En Fisiovida, rexentada pola fisioterapeuta Paula García, tamén se ofrecen servizos de podoloxía e acupuntura

e de neuroloxía... tamén aplicamos a psicoloxía que é moi básica na saúde.

-A xente pode cree que es simplemente unha maxasista...

- Sí é certo, de feito algunha xente chamáme así. Pero un dos problemas que

temos na nosa profesión é o intrusismo hai xente que se dedica a facer cousas que non lle corresponden. Os fisioterapeutas somos profesionais sanitarios e damos masaxes terapéuticas que mancan un pouco porque traballas en zonas corporais que xa teñen dor. O tratamento é en xeral do corpo porque pode doerche un brazo e o mellor a lesión non está ahi, está nun problema postural, de non durmir ben...

-Cáles son os problemas de saúde cos que te atopas máis a miúdo?

-Os de lombo é un deles. Cada vez hai máis problemas nesta parte do físico porque somos máis sedentarios é o corpo está desexado para traballar. É necesario facer deporte, moverse un pouco tanto a nivel físico como siquico porque hai que descargar o estres senón corres o risco de padecer este tipo de doenzas.

-Fóra das doenzas físicas tratas outras?

-Sí, tamén moitas neumoló-

A saúde das persoas debe levala sempre un profesional sanitario

xicas a nivel de afección respiratorias como bronquitis, enfermidades crónicas Sempre que hai mucosidade no pulmón hai que aplicar a fisioterapia, hai que ensinar a reeducar, a respirar ben pola nariz porque así evitaste moitos problemas na saúde. Tamén trátanse incontinencias urinarias.

-Atopas axiña cal é o punto exacto do corpo que tes que curar no teu cliente?

-Ás veces é difícil. Nós necesitamos que o paciente veña cun bó diagnóstico e este non o realizamos os fisioterapeutas senón que ten que vir dado por un médico. En ocasións chegan persoas ao centro cun diagnóstico feito e trátalo e non mellora e soe ser por un mal diagnóstico, a saúde das persoas debe levala sempre persoal sanitario:

primeiro o informe do médico e logo o fisioterapeuta ou a quen lle corresponda.

-Fas tamén tratamentos a domicilio?

- Sí, porque é xente que non se pode mover, que ten a súa mobilidade reducida para poder saír da casa. Son persoas que normalmente

tiveron un ictus que os deixou sen movemento nalgunha parte do corpo. Con esta enfermidade non só hai maiores cada vez hai máis xóvenes por culpa da inactividade e da alimentación, sobre todo, que levamos. O comer san axuda moito ao que o organismo funcione ben tanto a nivel de ictus como de musculatura e da saúde en xeral.

-Na túa clínica que servizos ofreces?

-Contamos con tres cabinas, unha sala de rehabilitación e un ximnasio, aquí traballamos dúas persoas para poder atender todas as instalacións. Despois en canto instrumentos no eido da terapia ofrecemos masaxes, ultrasons, correntes ou láser e no campo da rehabilitación temos elementos de tracción cervical, poleas, escada de dedo, varias bicicletas.... Ademais, aparte de fisioterapia temos servizo de podoloxía para afeccións dos pés e acupuntura.

Portada	P1	Deportes	P19
Editorial	P2	Colaboracións	P20
Melide	P3	Axenda	P22
Comarca	P8	A entrevista do mes	P23
Empresa e comercio	P10	Contraportada	P24
Cultura e lecer	P14		

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE- CENTRO COMERCIAL ABERTO (A.S.E.T.E.M- C.C.A.).
Nº32.novembro de 2007. Distribución gratuíta. Tamén en internet: www.asetem.com

Os xogos tradicionais son o motivo central da iniciativa

O Mestre Pastor Barral e o CEIP de Arzúa celebran dúas xornadas de intercambio

LUÍSA MARTÍNEZ, MESTRA DO PASTOR BARRAL

A actividade tenta fomentar a convivencia entre os escolares dos dous concellos

O Colexio *Mestre Pastor Barral* deseñou dúas actividades de intercambio de alumnado co Colexio de Arzúa para este curso escolar. A idea partiu de Antón Laya, mestre melidao que desenvolve o seu traballo co CEIP de Arzúa na actualidade, e de Luísa Martínez, mestra no *Barral*. Desde hai tempo viñan barallando xa a idea de tratar de reunir aos escolares dos dous concellos para posibilitarlles un espazo de encontro que servise para establecer a relación, primeiro, e para cultivar a amizade despois. A idea inicial foi moi ben acollida polos dous centros e, particularmente, polos rapaces e rapazas implicados. Pero faltaba tomar unha decisión importante, definir que *desculpa* se ía buscar para poñer a andar a idea, é dicir, baixo que proxecto común os alumnos e alumnas protagonistas poderían poñerse a traballar en equipo. Así e todo, a decisión foi fácil. O *Pastor Barral* é un centro pioneiro no proceso de recuperación dos xogos tradicionais, e mesmo na actualidade un grupo de



profesores e profesoras están desenvolvendo un proxecto común de traballo para afondar na cuestión. Pero por outra parte Antón Laya é un mestre pioneiro na posta en valor do patrimonio lúdico tradicional. Daquela a decisión estivo clara: o xogo tradicional sería o motivo central a partir do cal xiraría o intercambio. Decidido o tema das visitas, no pasado 18 de outubro os escolares de Arzúa visitaron á Terra de Melide e participaron nunha sesión de xogos tradicionais no patio do *Barral*. Foi unha xornada intensa na que as vivencias foron moitas e proveitosas. É ben certo que ao primeiro a relación foi un pouco forzada, como sucede sempre cos nenos e nenas, pero unha vez superado este primeiro

momento, os grupos de xogo xa empezaron a ser mixtos entre os escolares dos dous concellos e, ao final, non se sabía moi ben de onde era cadaquén. A valoración provisional da iniciativa deixa entre-

ver que se trata dunha actividade moi proveitosa desde todos os puntos de vista, pero será a final de curso cando se leve a cabo unha avaliación definitiva, despois de que os escolinos e escolinas do Pastor Barral visiten Arzúa alá pola primavera.

